

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE MARZO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de marzo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de marzo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de *“MELLORA DA ESTRADA MUNICIPAL DENDE A ESTRADA DE OSEIRA (EP-6202) AO LÍMITE DE DOZÓN POR CARBOENTES (TRAMO ESTRADA DE OSEIRA-CARBOENTES)”*, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data marzo de 2026, cun importe global de CINCOCENTOS SETE

MIL CATROCENTOS CATRO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (507.404,65 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	471.727,76 €
✓ Honorarios de proxecto:	15.856,40 €
✓ Honorarios de dirección de obra:	15.856,40 €
✓ Honorarios de coordinación de seguridade e saúde:	3.964,09 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, con data 24/03/26, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado pola técnica municipal.

### ***3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS CON CARGO Á LIÑA 1 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN +PROVINCIA 2026-2027) 2026***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan +Provincia 2026-2027), publicadas no BOP núm. 1, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2026, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a realización de diversos investimentos en servizos básicos municipais de conformidade coa Liña 1 do Plan correspondente ao exercicio de 2026, anualidade na que o Concello ten asignada a cantidade total de 459.046,53 €, cifra que pode ser incrementada co sobrante da Liña 3 e coas cantidades asignadas nas Liñas 2 e 4 non solicitadas.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial as seguintes subvencións con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026, por importe global de CINCOCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (529.918,97 €), con destino á realización e financiamento dos seguintes investimentos (Liña 1: Investimentos):

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Mellora da estrada municipal dende a estrada de Oseira (EP-6202) ao límite de Dozón por Carboentes (Tramo estrada de Oseira-Carboentes)	507.404,65 €	494.723,32 €	12.681,33 €	0,00 €
Mellora de camiños municipais en A Feira, A Penela e A Eirexe	109.983,18 €	30.709,18 €	0,00 €	79.274,00 €
Mellora do camiño dende o polígono industrial a Álceme	43.368,31 €	4.486,47 €	0,00 €	38.881,84 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de DOCE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (12.681,33 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Solicitar a inclusión dentro dos gastos de inversión solicitados, de conformidade co previsto na Base vixésima, do custe total de redacción do proxecto técnico e do custe parcial de dirección de obra (7.139,16 €) correspondente ao investimento denominado "*Mellora da estrada municipal dende a estrada de Oseira (EP-6202) ao límite de Dozón por Carboentes (Tramo estrada de Oseira-Carboentes)*", que precisan dunha contratación externa por insuficiencia de medios do Concello

Sexto.- Solicitar o traspaso con destino á Liña 1 da totalidade do crédito asignado ás Liñas 2 e 4, por importe de 54.429,80 € e 16.394,52 € respectivamente; así como do sobrante da Liña 3, por importe de 48,12 €.

Sétimo.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

#### **4.- SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A EXECUCIÓN DE OPERACIÓNS EN APOIO DE TERCEIRAS PERSOAS**

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes da Resolución do 30 de decembro de 2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 17 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 21, do 02/02/26). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para a cofinanciamento da construción duns vestiarios para dar servizo ás instalacións deportivas da pista de pádel actualmente existente e da que se atopa actualmente en fase de execución, así como do ximnasio municipal.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha axuda por importe de CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (53.781,09 €) para o cofinanciamento da actuación denominada “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O APOIO E IMPULSO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS”, de conformidade co proxecto técnico básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don

Juan Carlos Bardelás Lamas, con data decembro de 2025, que foi aprobado por acordo deste órgano adoptado en data 5 de xaneiro do corrente.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Terceiro.- Acreditar a dispoñibilidade por parte do Concello sobre os terreos e inmobles nos que se vai desenvolver a actuación.

Cuarto.- Comprometerse a financiar o importe da actuación que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

## ***5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 1”, INCLUÍDA NO PEID***

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 e final correspondente á obra de *“Construcción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 1”*, incluída no Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), por importe de CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (4.893,85 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L., por un importe de 4.893,85 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. FE26/8 (FACe), de data 24/03/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 27 de marzo de 2026, na que se fai constar que *“as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, segundo as prescricións previstas”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra e o certificado de melloras asinados pola dirección facultativa en data 27/03/26.

## **6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR E ELEMENTO DE CUBRICIÓN – LOTE 2”**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 4 correspondente á obra de *“Construcción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2”*, por importe de VINTE E NOVE MIL OTOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS (29.892,07 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 29.892,07 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 26/024 (FACe), de data 24/03/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## **7.- TOMA DE RAZÓN DA TRANSMISIÓN DO DEREITO DE COBRO DE CONTRATISTA FRONTE AO CONCELLO**

De conformidade co establecido no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda tomar coñecemento da transmisión do dereito de cobro notificada con data 25/03/26 (RE-E núm. 205), cos seguintes datos:

### Cedente

SOCIEDADE: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF: ██████████

### Cesionaria

SOCIEDADE: BORROX FINANCE S.L.

CIF: ██████████

### Obxecto da cesión

NÚMERO DE FACTURA: 26/024 (FACe)

DATA DE EXPEDICIÓN: 24/03/26

IMPORTE: Vinte e nove mil oitocentos noventa e dous euros con sete céntimos (29.892,07 €), IVE incluído.

CONCEPTO: Certificación núm. 4 da obra de “*Construción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 2*”.

## **8.- CESIÓN TEMPORAL GRATUÍTA DE USO DE LOCAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

### ANTECEDENTES

1. Don José Julio Hermida Diéguez, veciño do lugar de Guillar, parroquia de Guillar, na súa calidade de presidente da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA “XUVENTUDE DE GUILLAR”, solicita con data 27 de marzo de 2026 (RE núm. 341) a cesión temporal de uso do inmovible de titularidade municipal coñecido como “*local social de Guillar*”, sito no lugar de Guillar, parroquia de Guillar.

2. A Asociación de veciños cultural e deportiva “*Xuventude de Guillar*”, con CIF núm. [REDACTED], figura legalmente constituída, inscrita no Rexistro provincial de asociacións de Pontevedra coa inscrición núm. [REDACTED], e no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello de Rodeiro, coa inscrición núm. [REDACTED], e con domicilio social no lugar de Adelan, parroquia de Guillar.
3. O local social de Guillar é un inmovible de titularidade municipal, coa categoría de ben patrimonial de propios.

### FUNDAMENTO XURÍDICO

O artigo 233 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) permite, previa solicitude e con autorización municipal expresa, o acceso ao uso de locais municipais por parte das asociacións de veciños que se atopen debidamente inscritas no rexistro municipal, coas condicións que o Concello determine.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Autorizar a cesión temporal e gratuíta, a favor da Asociación de veciños cultural e deportiva “*Xuventude de Guillar*”, do uso exclusivo do inmovible de titularidade municipal coñecido como “*local social de Guillar*”, sito no lugar da Guillar, parroquia de Guillar, suxeita ás seguintes condicións:

1. Cédese unicamente o uso exclusivo e temporal do referido inmovible, sen prexuízo da titularidade e facultades dominicais do Concello como propietario do mesmo.
2. A cesión temporal realízase por un período de cinco (5) anos, que poderá ser prorrogado a petición da asociación beneficiaria con previo acordo favorable expreso do Concello.

3. O uso exclusivo da instalación quedará limitado polo eventual uso do mesmo por parte do Concello, por causas de utilidade pública ou interese social, que terá carácter preferente.
4. No suposto que no futuro existan outras asociacións, legalmente constituídas e inscritas, que soliciten asemade o uso dun local municipal e a súa petición non puidera ser satisfeita coa cesión doutros locais alternativos, o local que se cede no presente acordo deberá ser compartido polas asociacións autorizadas, nas condicións fixadas entre elas por mutuo acordo ou, subsidiariamente, polo Concello.
5. A cesionaria non poderá realizar obras no local cedido sen previa autorización expresa do Concello e, unha vez autorizadas e realizadas, quedarán en beneficio do Concello unha vez rematada a cesión, sen dereito algún de indemnización a favor da cesionaria.
6. Para a realización das obras previstas na solicitude presentada deberá solicitarse previamente o outorgamento do preceptivo título habilitante de carácter urbanístico que corresponda segundo a natureza das mesmas.
7. A cesión de uso outórgase unicamente para o desenvolvemento dos fins estatutarios da asociación, quedando prohibido calquera outro uso do local alleo a ditas finalidades.
8. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do mobiliario ou materiais que a asociación deposite no local cedido, nin polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos usuarios do local cedido que estean motivados polo mal uso do mesmo.
9. Os consumos, limpeza e seguros, no seu caso, que orixine o uso do local cedido serán por conta da cesionaria durante o tempo da cesión.

## **9.- DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL CUALIFICADOR DE PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)**

De conformidade co establecido nas Bases quinta do proceso selectivo, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 24 de marzo do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de postos de traballo financiados pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026 (Liña3), ás seguintes persoas:

Tribunal IV (postos de traballo de técnicos/as en Educación Infantil)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.  
Inés Vence Lamas, mestra do Punto de Atención á Infancia (PAI).

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

## **10.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 378,10 €  
Por licenzas anuais de aplicación Copilot para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2026/0098 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 11.810,06 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de febreiro de 2026, s/recibos.

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 547,86 €  
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202619900020002826 (FACe).
- OCCIDENT GCO S.A. 404,49 €  
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. APSPLUS202600001299 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 38,50 €, 38,50 € E 38,50 €  
Por taxas de ITV de vehículos municipais, s/facturas núm. 362526FC0000673, 362526FC0000675 e 362526FC0000676.
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 30,00 €  
Por autoliquidación de taxa en concepto de permiso de obras en estradas provinciais, s/cargo.
- PREVISONOR S.L. 1.236,67 €  
Por traballos de medición de gas radón en edificios municipais, s/factura núm. P26/03/1404.
- BAYGAR S.L. 188,76 €  
Por subministro de reposto para maquinaria municipal, s/factura núm. 1487/261100904 (FACe).
- ANXO GARCÍA FEIJOO 150,00 €  
Por canxe de vale de premiada no “III concurso de decoración de Nadal Rodeiro é ilusión”, s/factura núm. F-13.
- REDRUM PRODUCCIONES S.L. 847,00 €  
Por representación do espectáculo “Os contos do Lobicán”, s/factura núm. 2026-0008.
- BCR DEZA ENXENEIROS S.L. 605,00 €  
Honorarios por dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra de “Construción de pista de pádel exterior e elemento de cubrición – Lote 1”, s/factura núm. 26029.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*